



"#SOMOSDEMONTE"

PROXECTO CURSO 18-19

BIBLIOBN

1. INTRODUCCIÓN

A EEI Barrionovo é un centro de 3 unidades de Educación Infantil con 4 especialistas de E.I., 1 especialista en Lingua Estranxeira e 1 especialista en Audición e Linguaxe, todas definitivas e a tempo completo. Ademais contamos coa directora, tamén especialista en Educación Infantil que se atopa no Centro por Comisión de Servizos. Levamos 8 cursos traballando exclusivamente a partir dun proxecto anual que xera a biblioteca.

O proxecto anual déixase aprobado no último Claustro e Consello Escolar do curso anterior.

Este método de traballo aparece recollido en todos os documentos oficiais do Centro: NOF, PXA, Concreción Curricular do PEC...

As programacións anuais das aulas, especialidades e coordinacións recollen, por competencias, os obxectivos a traballar no proxecto anual.

Nas reunións titorias de comezo de curso, as familias son informadas da temática do proxecto e dos obxectivos a conquistar a través do mesmo. Tamén son convidadas a participar activamente das actividades e busca de información.

Nestas reunións preséntase o blogue da biblioteca e explícanse os apartados que nel se atopan e a información e recursos que se poden obter de cada un.

O proxecto ten a duración dun ano académico e os contidos son secuenciados por trimestres. Ao finalizar cada trimestre lévase a cabo unha avaliación dos obxectivos conseguidos.

Todo o profesorado do Centro está implicado no proxecto anual polo que a totalidade do alumnado participa no mesmo.

Para a organización do traballo lévase a cabo unha reunión mensual na que se coordinan as accións necesarias para a evolución do proxecto. Todo o profesorado do Centro dispón no seu horario lectivo de dúas horas semanais de adicación á biblioteca, e outra ao proxecto.

O proxecto do curso 2018-2019 traballou os nosos montes, as súas características, coidados e perigos que os ameazan.

Os contidos traballados para acadar as Competencias Básicas dentro do proxecto son os seguintes:

COMPETENCIA LINGÜÍSTICA

- Narración de contos, poesías e lendas seleccionados pola biblioteca.
- Busca, tratamento e exposición de información.
- Achegamento á lectura e comprensión de textos divulgativos.
- Interese pola busca de información en familia.
- Gusto por explicar aos compañeiros a información traída á clase.
- Lectura e escritura de palabras significativas e usuais.
- Elaboración de textos sinxelos.
- Traballo coa noticia e o xornal: incendios, coidados, deforestación...
- Aumento do léxico relativo ao proxecto: BITS “#somosdemonte”

COMPETENCIA MATEMÁTICA

- Elaboración de gráficos e esquemas para medir e relacionar a altitude dos montes galegos.
- Orientación espacial: traballo nas plantillas dos escornabots (temática relativa aos montes, mapa físico, etc) a través de cadros de dobre entrada e coordenadas.
- Representación espacial dos percorridos realizados.
- Orientación espacial no traballo cos mapas físicos e políticos.

COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MUNDO FÍSICO

- Coñecemento do mapa físico e político de Galicia.
- Coñecemento dos montes do contorno próximo e dos montes galegos.
- Concienciación sobre o coidado do medio e a importancia de conservación dos ecosistemas.
- Importancia da xeografía para entender o medio no que vivimos.
- Participación activa nas actividades programadas.
- Razoamento científico: formulación de hipóteses, busca de información...

COMPETENCIA SOCIAL E CIDADÁ

- Coñecemento da mitoloxía e lendas asociadas aos nosos montes.
- Okupación Escornabótica: Mochilas viaxeiras coa temática do proxecto.
- Entroido #somosdemonte
- Día da Muller : A historia do monte das Encrobas. Visita da poetisa Laura Rey.
- Participación e implicación no proxecto tanto do alumnado como das familias.

AUTONOMÍA PERSOAL

- Responsabilidade ante as tarefas
- Busca, tratamento e comunicación da información.
- Desenvolvemento en proxectos de investigación.

COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA


- Interese pola biblioteca como espazo de lectura e información sobre o proxecto.
- Interese polo Espazo Fedelleiro da biblioteca: espazo de robótica, construción de circuitos e impresión 3D.
- Gusto polas actividades plásticas.
- Coñecemento e traballo arredor da Arte Galega, Land Art e Arte Efímera.
- Reflexión sobre a Poesía visual de Chema Madoz.
- Realización de diversos Cromas e encurtas sobre o monte e conmemoración do día da ilustración con Croma sobre Castelao.
- Visita a exposicións e museos do noso país.

COMPETENCIA DIXITAL

- Interese na busca, tratamento e comunicación de información en internet.
- Busca e tratamento da información e recollida na PDI e en googlesites.
- Creación de códigos QR que nos axuden a compilar a información.
- Achegamento e produción de audiovisuais como videoclips, croma, animacións, timelapse, stopmotions ou xogos dixitais educativos.
- Achegamento ao uso do ordenador, tablet, Ipad, cámaras, Mesa de Luz...nos procesos creativos para a elaboración de producións audiovisuais como animacións, presentacións, vídeos..., a través de programas de edición de textos, de gráficos e de sons.
- Creacións con Realidade Aumentada (HP Reveal, e Thinglink) e códigos QR.
- Creación de Cromas para a edición de vídeos.
- Traballo coa robótica co Beebot, Bluebot e o Escornabot.
- Aproveitamento dos recursos educativos dos blogues.
- Vídeoconferencia por skype con enxeñeiro forestal.
- Deseño (Doodle 3D) e impresión 3D (minimundos do monte)

COMPETENCIA PARA APRENDER A APRENDER

- Panel sobre o que sabemos (ideas previas), queremos saber e o que aprendimos.
- Realización dun libro-rexistro do que imos traballando.
- Capacidade de busca de información.
- Exposición mensual das aportacións das mochilas viaxeiras.
- Exposición mensual dos traballos en familia.
- Exposición final de curso sobre o traballo de cada aula.



2. TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

Estes contidos desenvolvéronse a través de catro bloques clave:

1. Características dos nosos montes:
 - Fauna
 - Flora
 - Mitoloxía
2. Funcións e beneficios:
 - Social
 - Económica
 - Ambiental
3. Perigos:
 - Incendios
 - Deforestación
 - Sequía
 - Abandono
4. Coidados:
 - Ecooxía
 - 3R



3. DESEÑO E ELABORACIÓN

No último claustro do curso 2017-18 decidimos a temática do proxecto, que foi tamén aprobada en Consello Escolar. Como primeiro paso escollemos os contidos a traballar en torno ao proxecto e os secuenciamos por trimestres.

A partires disto o profesorado deseñou as programacións de aulas e especialidades, tendo en conta as características do grupo e especialidade impartida. Estas programacións foron postas en común ao inicio do curso, no primeiro claustro.

A primeiros de setembro a biblioteca presentou ao profesorado a selección de fondos e de recursos web para o proxecto, esta presentación repetiuse nas reunións iniciais coas familias.

Ambos atópanse reseñados no blog da biblioteca:

<http://bibliobn.blogspot.com/p/blog-page.html>

<http://bibliobn.blogspot.com/p/somosdemonte-recursos.html>



Nos primeiros días o profesorado ambientou o Centro con elementos naturais, poesía visual de Chema Madoz relacionada cos montes e colocou o espazo de recursos na biblioteca.

Deseñamos unha actividade inicial para presentar o proxecto ao alumnado no Espazo Fedelleiro (Biblioteca Creativa): fíxose unha instalación artística formada con elementos naturais e luz. Ao entrar na biblioteca podíase escoitar o son do monte e proxectábase un vídeo sobre a xerminación dunha semente. Por último, a mestra de música tocaba na guitarra a canción “Cos pes na Terra” de Paco Nogueiras a medida que se proxectaba unha presentación coas diferentes árbores da canción. Agasallouse ao alumnado cun chaveiro co hashtag “#somosdemonte impreso en 3D co logo do proxecto e un código QR asociado ao contido da biblioteca sobre o proxecto.

<https://bibliobn.blogspot.com/2018/09/a-bibliobn-presenta-somosdemonte.html>

Mensualmente, en coordinación co Ciclo, elabórase un planning de tarefas a realizar. Permanece exposto na Sala de Mestres como guía de referencia á hora de desenvolver o proxecto na aula por cada mestra.

Trimestralmente fixemos unha revisión das programacións para saber o traballado e as posibles desviacións do proxecto inicial. Estas revisións foron enriquecendo as previsións iniciais.

Trimestralmente o alumnado reúne na biblioteca para poñer en común o traballo realizado na aula en relación co proxecto.

<https://bibliobn.blogspot.com/2019/01/encontro-1-trimestre.html>

4. TAREFAS REALIZADAS E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO

O traballo deste curso céntrase no desenvolvemento de hábitos de respecto e protección do medio no que vivimos, prestando especial atención aos montes galegos pero sen esquecer a natureza que temos ao noso alcance, no mesmo patio da escola. O traballo realizado resúmese nos seguintes apartados:

- **Diario de Aula**
- **As Familias Contan**
- **Barrionovo en Acción**
- **Nas Artes**

- **O Noso Horto**
- **De Refugallo**

Diario de aula

Customizamos as nosas aulas e espazos comúns empregando elementos naturais apañados no monte: Os nosos colgadoiros, as pedras para pasar lista, etc.

Cada dúas semanas aproximadamente, preparamos, coa App TinyTap, bits de vocabulario e imaxe relacionados co monte: *fauna e flora autóctona e invasora, oficios, perigos, aproveitamento...*

<https://bibliobn.blogspot.com/search/label/Bits>

Repetímolos cada día na assemblea para aprender as novas palabras.

Para traballar as rutinas diarias, a principio de curso elaboramos un calendario no que cada mes un monte foi o protagonista.

<http://barrionovofalagalego.blogspot.com/search/label/calendario>

Cada mes investigamos o monte protagonista situándoo no mapa, buscando información, a súa altitude, comparándoo con outros montes estudados...

Creamos plantillas temáticas para traballar vocabulario específico co escornabot. Cada neno/a tivo a oportunidade de crear a súa propia plantilla e/ou xogo coa axuda da súa familia. Tamén exploramos con el o noso mapa aprendendo coordenadas.

Especies autóctonas, invasoras, fauna de río, vexetación, profesións do monte, mitoloxía e lendas...

Creamos minimundos grazas á App Doodle 3D e á nosa impresora 3D.

Os nenos e nenas deseñaron os seus propios montes e xogaron despois con eles nun atelier creativo do noso Espazo Fedelleiro.

Cada certo tempo aparecían nas aulas pegadas e restos de animais que nos visitaran pola noite e nos motivaban a investigalos.

Investigamos estes animais, os montes onde viven e a súa vexetación.... Na aula, fixemos investigacións grupais que despois expuxemos diante de toda a escola.

Individualmente, coa axuda das familias fixemos outras investigacións: Observamos o paso das estacións describindo e fotografándonos ao carón dunha determinada árbore autóctona en diferentes momentos do ano...

Investigamos especies invasoras, advertindo dos seus perigos para os nosos ecosistemas. Tamén investigamos certas especies de animais que atopamos comunmente nos nosos montes...

E investigamos a historia dos montes entre outras moitas cousas, actividade que titulamos “Montes con historia”

Todos os días lemos a prensa e traballamos as noticias relacionadas co monte.

Os vídeos das investigacións pódense atopar nos seguintes blogues de aula:

Aula de 3 anos:

<https://barriolaranxa.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

Aula de 4 anos:

<http://obarrioazul.blogspot.com/search/label/%23SOMOSDEMONT>

Aula de 5 anos:

<https://noaltodobarrio.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

As Familias Contan

A través do proxecto tratamos de involucrar ás familias no coñecemento e coidado do contorno, non só a través das investigacións que os nenos e nenas realizaron coa súa axuda senon tamén a través da experiencia que nos podían achegar dende as súas profesións e saberes.

As familias viñéronnos falar sobre as abellas e sobre o proceso de extracción do mel.

Trouxéronnos maquetas e lendas de montes para nós descoñecidos.

Trouxéronnos mostras de cogomelos recién apañados e explicáronnos como diferenciarlos. Tamén as súas propiedades.

Contactamos cun familiar enxeñeiro forestal, por videoconferencia. Falounos sobre a súa profesión, sobre os beneficios dos montes, como coidalos e como contribuir á súa sostibilidade.

Faláronnos de árbores senlleiras, como o teixo de Pontedeume. Aprendemos sobre as súas características e estado actual.

Ensináronnos paso a paso como facer un bancal elevado e tróuxéronnos varios plantóns para a nosa horta.

Contáronnos sobre fauna e flora invasora e o perigo que supón para o noso ecosistema. Ensináronnos a facer purín natural a base de leite e auga para coidar as nosas plantas.

Explicáronnos os perigos dos incendios e as acción que podemos levar a cabo nós para previlos.

Regaláronnos tamén arboriñas a cada un para reforestar o noso contorno.

<http://bibliobn.blogspot.com/search/label/Encontros>

Barrionovo en Acción

Actuamos sobre o medio e presenciamos in situ todo o traballado na aula.

Visitamos o Bosque dos Veciños en Oleiros e analizamos a súa flora e fauna. Recollemos elementos naturais para a nosa escola.

No museo MUNCYT explicáronnos os perigos producidos pola deforestación e as diferencias dos solos con vexetación e sen ela.

Visitamos a Fraga de Sisalde para celebrar o día Internacional dos bosques. Clasificamos a súa vexetación, observamos a presenza de invasoras, aprendemos sobre os muíños de río...

<https://vimeo.com/325724116>

Aprendemos a compostar no noso propio composteiro e a reciclar empregando os colectores do novo sistema de clasificación de residuos do Concello de Arteixo. Instauramos este sistema tamén nas aulas cos nosos propios colectores.

No museo Casa das Ciencias puidemos manipular a area, creando montes e observando como cambiaban as curvas de nivel.

<https://vimeo.com/332337131>

Galicia ambiental estivo na escola falándonos sobre os desastres producidos en zonas como Chandebrito a causa dos incendios.

Levamos a cabo unha acción de reforestación en Monticaño, plantando árbores autóctonas.

<https://vimeo.com/332989836>

Cos bolechas aprendemos que son os RAEE (Residuos de aparellos eléctricos e electrónicos) e como reciclalos.

O SEPRONA tamén nos visitou e aprendemos sobre o traballo que realiza este corpo, os desastres que desencadeamos os seres humanos no noso contorno e como podemos axudar a previlos

Nas artes

Este curso os montes estiveron presentes tamén en forma de arte.

A través da música nos dirferentes encontros musicais: Encontro de inicio de proxecto, benvinda á primavera, etc.

<https://vimeo.com/289570593>

A través da arquitectura con propostas manipulativas asociadas a lecturas contextualizadoras.



A través da pintura:

Creamos un bosque no noso patio e rocollémolo en vídeo empregando a técnica stop-motion.

Pintamos montes empregando moitas técnicas, entre elas a luz negra.

A través da arte efímera e o Land Art.

A través da literatura:

A autora Laura Rey veunos explicar a historia das Encrobas. Creamos con ela poesía a partir de elementos do bosque e pintámolo con carbón das minas.

<https://vimeo.com/303076743>

Todos os martes, toda a escola reúnese na biblioteca para realizar a actividade “Poesía express”. Moitas destas poesías trataron do monte e dos seus habitantes.

O peizoque Roque, Korokoro, Nuevas Greguerías, Piñeiro, son algún exemplos.

<http://bibliobn.blogspot.com/search/label/Poes%C3%ADa%20Express>

Festexamos o día de Rosalía no noso horto: Fixemos un camiño sensorial e plantamos o poema “Adeus ríos, adeus fontes” que compuxemos a partir dos fragmentos que atopamos. Aos poucos días agromou un fragmento do poema grabado en madeira e con impresión 3D

Traballamos o monte a través do cine:

Creamos unha encurta sobre a historia dunha semente diversa.

<https://vimeo.com/303027798>

E varios videoclips sobre e no monte.

<https://vimeo.com/307954812>

<https://vimeo.com/294446670>

Tamén a través da fotografía:

Traballamos a poesía visual de Chema Madoz poñéndolle palabras á súa obra. *Deforestación, sequía, abandono, incendio...*

E, como non, a través da ilustración:

Creamos un cromograma a partir dunha ilustración de Castelao. Para despois reinterpretalo ao noso xeito.

<https://vimeo.com/314004556>

No museo de Belas Artes apreciamos o monte en obras de moi diversa índole e autoría, e creamos a nosa propia obra empregando refugallo e elementos naturais.

<https://vimeo.com/326936674>

O noso horto:

O coidado do medio require interacción directa e contínua, práctica real, é por iso que prestamos atención á manipulación e ao traballo no horto escolar como elemento tanxible co que os nenos e nenas puideran interaccionar diariamente, para poder despois xeralizar seguindo a máxima de “dende o próximo ao lonxano e dende o concreto ao abstracto”.

Comeza o curso cun novo elemento no noso horto, un composteiro cedido por Sogama que deberemos montar e ubicar.

Aprendemos que se composta e que non se composta. Tamén o proceso a seguir para facer un bo compost. Poñémonos mans á obra compostando cada día os restos das merendas.

Deseñamos o que queremos cultivar no noso horto. Inspirámonos no conto “A Horta de Simón” e soñamos un horto de todas e todos. Rematamos cunha degustación de produtos da horta. E creamos un thinglink con todo o que soñamos...

<https://www.thinglink.com/scene/1109762299729543170>

Finalmente repartímonos os produtos e investigámoslos nas aulas.

Unha vez concluída a investigación facemos semilleiros e comezamos a plantar aprendendo a facer bancais elevados. Continuamos plantando flores, aromáticas e todo o que nos apetece.

Creamos ecopatrullas para o tempo de lecer. Desherbar, retirar lixo, pedras, regar e coidar as plantiñas son as nosas funcións. Equipámonos con botas, luvas e ferramenta.

Aprendemos sobre as pragas que afectan ás árboles e cultivos, e aprendemos a facer preparados naturais para previlas.

De refugallo

Un dos nosos obxectivos foi que as ensinanzas traspasasen o discurso e calasen no día a día dos nenos e nenas, tratando de que experimentasen o máximo posible todo aquilo que tratábamos de transmitir. É por isto que prestamos moita atención á nosa práctica diaria e a como nos relacionamos co refugallo na escola dentro da sociedade de consumo na que vivimos. Esta reflexión fíxose transversal á nosa práctica e impregnou a nosa vida diaria.

Ademais da compostaxe e a reciclaxe que establecemos como práctica habitual e normal demos unha segunda vida ao refugallo creando elementos do máis diversos:

Xogos de memoria e cestiñas para as castañas no magosto, decoracións de Samaín, escenarios para as nosas encurtas, adornos de Nadal, invernaoiros para os nosos cultivos, disfraces de Entroido,

<https://vimeo.com/321120208>

e comedeiros para paxaros na sesión de inglés.

<https://vimeo.com/326939724>


5. RECURSOS E FONTES CONSULTADAS

Como en todos os cursos, no blogue da biblioBN, están aloxados os recursos relativos ao proxecto a tratar. Estes recursos son compartidos coas familias na reunión titorial de inicio de curso e co alumnado nos primeiros días de clase.

Entendemos, como contábamos no noso proxecto, a biblioteca como o centro de recursos necesario e imprescindible para o traballo por proxectos.

Así no blogue da biblioteca aparecen dúas páxinas específicas:

Recursos do proxecto



En este apartado aparecen recompilados os recursos literarios e informativos aloxados no recuncho da biblioteca:

<http://bibliobn.blogspot.com/p/blog-page.html>

E os recursos web a disposición da comunidade educativa:

<http://bibliobn.blogspot.com/p/somosdemonte-recursos.html>

6. IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

No desenvolvemento do proxecto están implicados todos os sectores da comunidade educativa.

As familias son un elemento fundamental na consecución do noso proxecto participando de diferentes maneiras: aportación de información, Encontros, EncontXos, saídas... Para a implicación das familias estimamos como algo fundamental a información do proceso de aprendizaxe, mostrando o que estamos a aprender, como o estamos aprendendo, o que queremos saber, o que necesitamos para a nosa investigación... Todo isto o logramos grazas aos blogues de aula e especialidades, notas informativas, reunións titoriais, etc.

Xa que o noso aprendizaxe está moi relacionado coa nosa contorna, consideramos tamén imprescindible a relación co noso Concello, programando actividades conxuntas dentro do programa Educatízate e Arteixo Innovación.

Por outra banda a implicación do profesorado resulta un pilar fundamental, xa que dende a súa incorporación ao centro procuramos que participe activamente na dinámica do Centro.

7. DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

Os nosos blogues son a ferramenta principal da difusión dos nosos traballos á comunidade educativa. Para acceder aos traballos do proxecto hai unha etiqueta relativa aos montes.

BLOGUE DE CENTRO-AEEIBARRIONOVO

<http://aeeidebarrionovo.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

BLOGUE DA BIBLIOTECA

<https://bibliobn.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

AULA 5 ANOS- NO ALTO DO BARRIO

<https://noaltodobarrío.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

AULA 4 ANOS-O BARRIO AZUL

<https://obarríoazul.blogspot.com/search/label/%23SOMOSDEMONT>

AULA 3 ANOS - O BARRIO LARANXA

<http://barriolaranxa.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

AUDICIÓN E LINGUAXE-OS LARETAS DO BARRIO

<https://oslaretasdobarrío.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

BLOG DE TICS- TICSBN

<https://ticsbn.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

BLOGUE NORMALIZACIÓN-BARRIONOVO FALA GALEGO

<http://barrionovofalagalego.blogspot.com/search/label/%23somosdemonte>

Dentro destes blogues, o que leva un peso fundamental na difusión do proxecto é o blogue da nosa biblioteca. O blogue aparece enlazado tanto no do centro, como no das diferentes aulas e especialidades cara a unha maior difusión do mesmo.

As exposicións permanentes e temporais no centro tamén axudan a difundir os traballos ás familias e o resto do alumnado. O longo de todo o curso temos exposicións permanentes no corredor de cada andar, da evolución do proxecto en cada aula. Ao rematar o curso realizamos unha exposición temporal na bibliobn para todas as familias do Centro, así como un encontro para o alumnado onde cada clase explicou o aprendido, ao longo do proxecto, aos compañeiros.

Ademáis dos blogues existen outras canles de difusión como: festivais, outros proxectos de Centro como por exemplo o de Voz Natura, reunións titoriais, noticias do xornal, exposicións, dossiers individuais, etc.

8. AVALIACIÓN

Facemos avaliacións trimestrais tanto dos obxectivos xerais como dos específicos do proxecto, das aulas, coordinacións e especialidades.

Estas avaliacións reflicten os obxectivos conqueridos, os desbotados, e os que quedan por acadar, preveendo así posibles desviacións do proxecto inicial.

A consecución dos obxectivos indicados no segundo punto están directamente relacionados cos indicadores de avaliación, dos que partimos para elaborar as programacións, todo isto queda recollido na memoria de fin de curso.

9. FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

A biblioteca supón o inicio e o final do proxecto anual do centro.

Ao comezo de curso a bibliobn presenta unha actividade motivadora que abre o traballo do proxecto.

Benvidos a un novo proxecto:

<https://bibliobn.blogspot.com/2018/09/a-bibliobn-presenta-somosdemonte.html>

Neste proceso a biblioteca tamén aporta información a través dos diferentes recunchos: selección de fondos do proxecto, ferramentas tic para o aprendizaxe, exposicións temporais...

Nas reunións titoriais de principio de curso coas familias, se lles informou da continuidade do centro no PLAMBE, no PLAN LÍA.2 e na BIBLIOTECA CREATIVA

e do significado que esto tiña para a vida da escola e no traballo en proxectos de investigación que guía a liña pedagóxica do Centro.

Como en cursos anteriores, dentro da xestión técnica, edítase unha etiqueta temática relativa ao proxecto, que vai na traseira dos libros seleccionados.

Trimestralmente, elabóranse guías de lecturas. Recollen novidades, literatura, textos informativos, libros narrados nos EncontXos e textos relacionados co proxecto anual de traballo. Os textos que aparecen nas guías son obxecto de exposición temporal. As guías recollen libros que están nos fondos da biblioteca e que son coñecidos e traballados polo alumnado. Antes de levar a guía para casa, é obxecto de lectura e reflexión nas aulas. As guías son promocionadas no blogue, asimesmo teñen un apartado específico dentro do blogue no que se recollen todas as guías editadas ata o momento.

<http://bibliobn.blogspot.com.es/p/guias-de-lectura.html>

No mes de outubro enviamos unha circular ás familias para que participen na aportación de información sobre o proxecto. Nas reunións iniciais das titorias explicouse a finalidade desta actividade e como debían axudar aos nenos a recompilar, tratar e transmitir a información aos seus compañeiros. Este curso a información solicitada baixo o lema “#somosdemonte” permitiunos viaxar pola nosa xeografía coñecendo os nosos montes e aprendendo a valoralos.

O EncontXos e Encontros permitíronnos afondar no proxecto a través das lecturas e da presenza de profesionais cos que afondamos en distintos temas:

<http://bibliobn.blogspot.com/search/label/EncontXos>

<http://bibliobn.blogspot.com/search/label/Encontros>

Pechamos o proxecto cun Encontro resumen do traballo ao longo do curso polas tres aulas no que, ademais dunha exposición, os nenos e nenas explicaron ás familias o traballo realizado.

<https://bibliobn.blogspot.com/2019/06/expo-somosdemonte.html>



#somosdemonte